

PLAN DE CONTINXENCIA CEE HC SAN RAFAEL

CIF. R3600336F



CEE HC SAN RAFAEL

R/ San Juan de Dios, 1

36208-Vigo

986 232740-297400

Fax: 986 230556

cprfogar.sanrafael@edu.xunta.es



PLAN DE CONTINXENCIA CEE HC SAN RAFAEL VIGO

Índice:

1. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN ABROCHO
2. ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL NO CEE HC SAN RAFAEL
3. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL
4. ENQUISA

O Plan de Continxencia do Centro de Educación Especial HC San Rafael ten por finalidade establecer os procesos para o inicio da actividade académica non presencial e o reinicio da presencial, no caso de que se teña interrompido a actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/aulas/centro.

1. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ N DUN ABROCHO

No Plan de adaptación a situación COVID-19 ao que pertence este anexo está detallado o proceder.

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Seguiremos en todo momento as indicacións de Xefatura Territorial de Sanidade para establecer a non asistencia e o período de tempo.

2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo levarase a un espazo separado (Sala COVID) de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como

á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, no noso caso o centro de saúde de Coia e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus no CEE San Rafael tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, a Directora do Centro, incluírá na aplicación informática <http://www.edu.xunta.es/educovid> a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria. Despois deberá informar ao centro escolar.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

2. ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL EN CEE HC SAN RAFAEL

O equipo COVID do centro identificará ao alumnado/familia que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para adoptar as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos, así como as dificultades persoais derivadas da discapacidade do alumno, familia ou recursos persoais de diferentes tipos. Desenvolverase unha enquisa para determinar as necesidades e vías de comunicación con cada familia (Ver punto 4).

O persoal do CEE HC San Rafael terá unha atención especial as necesidades das familias máis vulnerables pola súa situación socioeconómica, facendo un seguimento individualizado en coordinación do Equipo docente coa Traballadora social e a psicóloga do Centro. Detectando e subsanando situacións de risco, tales como falta de alimentos, problemas de convivencia no entorno familiar e outros.

O ensino non presencial será impartido polo profesorado titor do grupo do alumnado preferentemente a través destas vías. Participando deste ensino o equipo non docente do centro.

Os medios utilizados para a ensinanza/seguimento non presencial serán:

[- BLOG DO CEE HC SAN RAFAEL](#)

Neste Blog o profesorado colgará todo tipo de actividades debidamente organizadas por categorías. Utilizaranse preferiblemente creadores de recursos como webLiveworksheets, Kahoot, Canva, Genially e outros, co fin de que as actividades sexan maioritariamente interactivas e non sexa necesario imprimir nas casas.

-Reunións por videochamada a través da plataforma Zoom ou similares) alo menos unha vez a semana. O profesorado realizará o seguimento do alumnado e familia impartindo os coñecementos da programación. O profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado adaptado a individualidade de cada alumno e en funcións das súas nees.

- Correo electrónico do alumnado e dos pais/titores para o alumnado non autónomo, principalmente dos grupos de EBO.

- Chamadas telefónicas. Imprescindible na nosa poboación para o seguimento da necesidades familiares. Tanto educativas, sociais como psicolóxicas.

- Facilitar tablets ao alumndo que carezca de medios dixitais e o precise para seguir formándose.

- Facilitar material impreso, material manipulativo,... para o alumnado que non poida adaptarse asos medios dixitais debido ás súas características personais. O titor/a valorará de maneira individual o material de cada un desde alumnos/as. A familia poderá recollelo no centro escolar e de non ser posible buscaráanse alternativas para a súas entrega no domicilio.

3. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial, avaliando o traballo desenvolvido no tempo de non presencialidade, deixando reflectido no seguimento individual do programa GLASSO, o proceder para cada caso.



ALUMNO/A:

OUTROS CONTACTOS			
NOME E APELIDOS	PARENTESCO RELACIÓN	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

Correoelectrónico _____ Teléfono _____

Para o contacto telefónico preferentemente o farei con: _____

MAÑÁ TARDE

Para o contacto a través do correo electrónico preferentemente:

O alumno/a ten acceso a ferramenta informática:

- Ordenador Teléfono móbil
 Tableta Outros: _____

No caso de que non poida acceder na casa a información online é debido a:

- Falta de conexión a internet
 Falta de equipos informáticos
 Outra: _____

Coñece o blog de centro utilizado no confinamento en San Rafael Si No

Utilicei o blog Si No

A maior dificultade que atopamos no período de confinamento o curso pasado foi:

- Falta de material en papel O acceso e seguimento do blog de centro
 Falta de material manipulativo O traballo coas actividades e webs
 Falta de material escolar recomendadas
 Falta de impresora O contacto co centro ou titor/a
 Outras: Non estaba matriculado no CEE San Rafael

Observacións de mellora:

CIF. R3600336F